



ANULACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORÍA LABORAL , FISCAL, E CONTABLE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO- A GUARDA

Tendo en conta a proposta de anulación de procedemento de adxudicación do contrato con nº expediente GALP7-2023-001 **SERVIZO DE ASESORÍA LABORAL FISCAL, E CONTABLE** de data 23 de agosto de 2023 da mesa de contratación , don Juan Manuel Gregorio Vaqueiro con D.N.I nº 76.811. 608A actuando como Presidente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Vigo -A Guarda , expón:

A secretaría da mesa dá conta de que as empresas que concorreron á licitación do procedemento GALP7-2023-001 foron :

Empresa	Data de xustificante correos
Temis Asesoría Baiona, S.L.	17/07/2023
ADM Asesores Villagarcía,S.L	18/07/2023

A documentación que se recibe nos sobres A e C son das empresas licitantes que a continuación se especifican:

Empresa
Temis Asesoría Baiona, S.L.
ADM Franchising Galicia S.L.

A empresa Temis Asesoría Baiona, S.L. presentou a oferta económica no sobre A, polo que a súa oferta é excluída do procedemento. Por outra banda, no punto 7 do prego de cláusulas administrativas figura:

"Presentarase por correo certificado , acreditando a data de envío pola oficina de correos sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadevigoaguarda@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado ."

O CIF de ADM Asesores Villagarcía,S.L é diferente ao de ADM Franchising Galicia S.L, polo que se deduce que son empresas distintas.

A empresa ADM Franchising Galicia S.L. non concorreu en prazo ao procedemento de contratación de servizo de asesoría laboral , fiscal e contable á mesa.

POR ESTE MOTIVO ACORDA:

PRIMEIRO.- A anulación do **procedemento GALP7-2023-001 .**

SEGUNDO.- Licitar novamente o servizo de **Asesoría laboral , fiscal, e contable** con número de expediente **GALP7-2023-004 .**

Vigo, 23 agosto de 2023


Juan Manuel Gregorio Vaqueiro
Presidente do GALP7
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo-A Guarda



Financiado por
la Unión Europea